



Pza. Dr. Latino Salgueiro, s/n
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

rfa.: mba/A.X/S.X/exp. R66/13

ANUNCIO

O Pleno da Corporación Municipal deste Concello, na sesión ordinaria celebrada con data 5 de decembro de 2013, acordou rexeitar a alegación formulada durante o prazo de información pública e aprobar definitivamente a Ordenanza reguladora da actividade de furnahcos do Concello de Gondomar. O que se fai público en cumprimento do preceptuado no artigo 70.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), publicándose como anexo o texto íntegro do mesmo, entrando en vigor transcorrido o prazo previsto no art.65.2 da devandita LBRL.

O acordo transcrito é definitivo en vía administrativa e contra o mesmo pode interpoñer RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de DOUS MESES contados dende o día seguinte hábil o desta publicación.

Todo isto sen prexuízo de que poida exercer, se é o caso, calquera outro recurso que estime procedente.-

ORDENANZA REGULADORA DA ACTIVIDADE DE FURANCHOS NO CONCELLO DE GONDOMAR

Os furanchos, tamén coñecidos como loureiros, naceron como fórmula para poñer en circulación os excedentes da colleita de viño elaborado para consumo propio, respondendo así a unha tradición do rural galego cuxa orixe ten unha localización xeográfica concreta.

Este concello vese na necesidade de aprobar a presente ordenanza por mor da demanda dunha parte da veciñanza deste concello interesada na apertura de furanchos e doutra parte da veciñanza hosteleira interesada na defensa dos seus dereitos, e co fin de regular e evitar a intrusión profesional por unha parte e por outra, conservar a tradición furancheira.

O día 13 de novembro de 2012, foi publicado no DOG o Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante Decreto 215/12). Dito decreto entrou en vigor ao día seguinte da súa publicación, establecendo no seu artigo 3 as seguintes competencias municipais:

- a) A adaptación do réxime xeral regulador dos furanchos, por medio das correspondentes ordenanzas municipais, ás peculiaridades de cada zona dentro do correspondente termo municipal.
- b) A delimitación das zonas concretas do seu territorio onde se poidan autorizar estes establecementos.
- c) A xestión administrativa dos expedientes municipais derivados do inicio das actividades, períodos de apertura ou peche anticipado dos establecementos, así como a transmisión, cambios de funcionamento ou cesamento da actividade destes establecementos.
- d) A creación e mantemento dun rexistro municipal de furanchos.
- e) A concreción normativa, nas súas ordenanzas municipais, do réxime de infraccións e sancións aplicables no seu ámbito territorial nos supostos de incumprimento do establecido no presente decreto en materia de furanchos.
- f) O exercicio da potestade sancionadora no seu correspondente ámbito territorial e competencial.
- g) As funcións de inspección, vixilancia e control permanente do exercicio das actividades desenvoltas nos furanchos, no correspondente termo municipal, polos titulares destes establecementos.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, s/n
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
DE
G O N D O M A R
(Pontevedra)

Por mor do exposto, e co fin de regular dita actividade, elabórase a presente ordenanza municipal.

ARTIGO 1.—OBXECTO DA PRESENTE ORDENANZA.

A presente ordenanza municipal ten por obxecto regular a actividade de furanchos ou loureiros do Concello de Gondomar, dacordo co disposto polo Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia e da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, e a normativa que lle sexa de aplicación, consonte ao ordenamento xurídico vixente.

ARTIGO 2.—DEFINICIÓN DE FURANCHOS E DOS SEUS TITULARES.

A efectos da presente ordenanza teñen a consideración de furanchos os locais utilizados principalmente como vivenda privada onde os/as seus/súas propietarios/as venden o excedente do viño da colleita propia xunto coas tapas que, dacordo co previsto na presente ordenanza, lles sirvan de acompañamento. Dito excedente será, como máximo, o que se obteña de aplicar á superficie da súa viña un rendemento máximo de 0,65 litros por metro cadrado.

A efectos da presente ordenanza serán titulares dos furanchos aquelas persoas que acrediten a titularidade de viñas propias no Rexistro Vitícola de Galicia, segundo o disposto no artigo 5 do Decreto 215/12.

ARTIGO 3.—ÁMBITO DE APLICACIÓN.

A presente ordenanza municipal regula a actividade das casas ou dependenzas vinculadas a elas que teñan a consideración de furancho dacordo ao artigo 2 da presente ordenanza, e que desenvolvan a súa actividade no termo municipal de Gondomar. As actividades de furancho sólo poderán desenvolverse en zonas rurais situadas nos ámbitos de solo clasificado pola lexislación urbanística vixente como rústico ou solo de núcleo rural deste termo municipal.

ARTIGO 4.—COMPETENCIAS MUNICIPAIS.

Este concello asume totalidade das competencias municipais recoñecidas do polo artigo 3 do Decreto 215/12.

ARTIGO 5.—REQUISITOS DOS ESTABLECEMENTOS

a) O viño subministrado non pode ser embotellado senón que debe proceder do barril directamente.

b) Poderanse ofertar ata un máximo de cinco tapas escollidas de entre as seguintes, sen que en ningún caso se poida ofrecer outra clase de produtos alimenticios:

- táboa de embutidos-queixos.
- Pementos, variedade Padrón.
- Orella-chourizo.
- Zorza-raxo.
- Costela.
- Ovos fritos.
- sardiñas ou xurelos á grella.
- Callos con garavanzos ou feixóns.
- tortilla de patacas.
- empanada-empanadillas.
- Croquetas.

c) Antes de iniciar a súa tempada de funcionamento e, en todo caso, unha vez ao ano, todos os furanchos acreditarán mediante a presentación de copia cotexada da mesma no rexistro xeral municipal, que realizaron as declaracións obrigatorias do sector vitivinícola ante o órgano correspondente da consellería competente en materia de agricultura. Sen este requisito previo o furancho non poderá iniciar a súa tempada de funcionamento, salvo nas excepcións previstas de conformidade coa normativa vitícola.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, s/n
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

d) En todo caso, os/as titulares dos furanchos deben ter regularizada a totalidade da súa viña no Rexistro Vitícola de Galicia, de conformidade coa normativa vitícola vixente.

f) Os/as titulares dos furanchos deberán observar os requisitos sanitarios establecidos no capítulo III e nos capítulos V a XII do anexo II do Regulamento 852/2004, do 29 de abril, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, sempre que se cumpra que a actividade que leva a cabo o establecemento se axusta ao indicado no capítulo III, así como, tendo en conta a actividade que desenvolvan en cada caso, os establecidos no Real decreto 3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas.

g) Os/as titulares dos furanchos deberán observar a normativa técnica vixente en prevención e protección contra incendios, a sanitaria fronte ao tabaquismo, así como aquela outra que resulte legalmente aplicable.

ARTIGO 6.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Os/as colleiteiros/as que pretendan desenvolver unha actividade de furancho, deberán presentar como mínimo cun mes de antelación ao inicio da actividade, a seguinte documentación:

- a) o anexo I da presente ordenanza debidamente asinado e cuberto. No caso de actuar por medio de representante, deberase acreditar a representación a través de calquera medio válido en dereito.
- b) Fotocopia do NIF do interesado/a e, no seu caso, do representante.
- c) Copia de certificación descritiva e gráfica ou referencia catastral e plano de situación
- d) Fotocopia compulsada ou cotexada do título ou contrato que acredite a dispoñibilidade do establecemento por parte do/a solicitante para a súa utilización como furancho.
- e) Documentación acreditativa de ter declaradas as viñas no Rexistro Vitícola de Galicia, da consellería competente en materia de agricultura.
- f) Documentación acreditativa de ter realizado as declaracións obrigatorias do sector vitivinícola á consellería competente en materia de agricultura, salvo as excepcións previstas de conformidade coa normativa vitícola vixente.
- g) Documento que acredite a subscripción dunha póliza de seguro de responsabilidade civil, que cubra os danos corporais, materiais e os prexuízos económicos que deriven do desenvolvemento da súa actividade, así como o correspondente recibo de pagamento da prima que acredite a súa vixencia. Esta póliza de seguro de responsabilidade civil deberá ter o seguinte contido:
 - Deberá cubrir os danos corporais, materiais e os prexuízos económicos que se deriven do desenvolvemento da súa actividade, que cubra a contía mínima de 90.000 euros.
 - No suposto de que a póliza inclúa franquías, o límite máximo destas non poderá superar os 120 euros.
 - Os titulares dos establecementos están obrigados a manter en permanente vixencia dita póliza.
- f) Documento acreditativo do pagamento da taxa municipal correspondente.
- g) Sinalamento da elección do período de apertura nos termos establecidos na presente ordenanza (máximo tres meses)
- h) Proxecto técnico asinado por facultativo/a competente con pronunciamento expreso sobre o cumprimento da normativa técnica vixente en prevención e protección contra incendios, a sanitaria fronte ao tabaquismo, con fotografías actuais da vivenda, local ou parcela onde se pretende a actividade de furancho.
- i) Certificado asinado por técnico competente de seguridade e solidez do local ou recinto e das súas instalacións para o uso pretendido, e de ser preceptivo o visado colexial, debidamente visado.
- j) Documentación acreditativa da legalidade da edificación onde se pretenda dita actividade, para o que achegará alternativamente: licenza de primeira ocupación, declaración de caducidade da acción de reposición da legalidade urbanística, declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total para incorporación ao



Pza. Dr. Latino Salgueiro, s/n
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

patrimonio, ou no suposto de carecer da documentación anterior, certificación catastral descritiva e gráfica ou documento acreditativo da antigüidade da edificación xunto con declaración responsable de que non se teñen realizado obras nos seis últimos anos (anexo IV) e fotografías actuais da edificación.

k) Análise do viño posto á venda

l) Memoria descritiva da cantidade de viño posto á venda, número de barrís utilizados para almacenar o viño e capacidade destes.

A declaración responsable para a apertura inicial dun furancho ou a comunicación de renovación, deberán achegarse, obrigatoriamente, nos correspondentes modelos oficiais de declaración responsable ou comunicación que se inclúen nos anexos desta ordenanza, debidamente cumprimentados e con toda a documentación esixida.

Se presentará no rexistro xeral do Concello en horario de 09.00 a 13.30 horas de luns a venres, ou os sábados de 09.00 a 13.00 horas, ou ben en calquera dos rexistros ou por calquera medio válido consonte ao artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

ARTIGO 7.- PROCEDEMENTO A SEGUIR

7.1. Presentada a declaración responsable previa e demais documentación enumerada no artigo anterior, o Concello de Gondomar comprobará o cumprimento dos requisitos, dentro do prazo de seis meses contados dende a entrada da documentación no rexistro xeral municipal, e informará a través dos correspondentes informe técnico e xurídico municipal sobre a conformidade ou non do declarado. O procedemento será o seguinte:

- Analizada a declaración responsable ou a comunicación do cambio de titularidade, se o servizo tramitador aprecia deficiencias ou insuficiencias emendables nos datos ou na documentación achegada requirirá, ao abeiro do artigo 76 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, á persoa declarante ou ao novo suxeito titular a súa emenda, no prazo de dez días hábiles, con advertencia expresa que, de non facelo, teráselle por decaído no seu derriro á tramitación do expediente, previa resolución que deberá ser ditada no termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A persoa declarante ou o novo suxeito titular poderán instar unha ampliación do prazo se no termo concedido non puideran emendar a deficiencia, ampliación que deberá solicitarse sempre antes do vencemento do prazo outorgado. Neste caso, entenderase outorgada sen necesidade de ditar resolución administrativa confirmatoria por un prazo de cinco días.
- O servizo municipal de urbanismo, comprobará o cumprimento dos requisitos, podendo recabar os informes das administracións competentes que sexan oportunos e informará sobre a conformidade ou non do declarado mediante informes técnico e xurídico, que serán asinados unha vez axuizado o proxecto e a documentación achegada e despois de efectuarse a correspondente visita técnica de inspección do establecemento no que se desenvolve a actividade furancheira.
- De ditos informes tomará coñecemento a Xunta de Goberno Local no prazo máximo de 6 meses contados dende a entrada da documentación no rexistro do concello para a súa tramitación.

Se a toma de razón é de conformidade, poderase seguir desenvolvendo a actividade, se non rematou a correspondente tempada ou interesar as renovacións posteriores dacordo co establecido nesta ordenanza.

7.2. A comprobación da inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, dos datos declarados, ou o incumprimento dos requisitos que resulten de aplicación, determinarán a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, con aplicación, logo de incoación e instrución do correspondente procedemento administrativo, do réxime sancionador regulado neste decreto, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou outras de natureza administrativa que procedan.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, s/n
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

7.3. Co obxecto de facilitar as inspeccións administrativas, todos os furanchos terán un distintivo oficial que se renovará anualmente.

ARTIGO 8.- TEMPADA DE FUNCIONAMENTO E PERÍODOS SUCESIVOS DE APERTURA.

8.1. Establécese, con carácter xeral, o comezo da tempada anual de funcionamento dos furanchos o 1 de decembro, e o seu remate o 30 de xuño.

8.2. Excepcionalmente, a persoa titular do furancho que queira modificar este período de apertura deberá solicitalo ante o concello de forma motivada para cada ano de actividade, pero nunca poderá ser máis aló do 31 de xullo.

8.3. O tempo máximo de apertura dun furancho é de tres meses, dentro do período indicado.

8.4. Unha vez inscrito o furancho no Rexistro Municipal de furanchos, e para anos sucesivos, os titulares deberán acreditar ante o Concello, cunha antelación mínima de 15 días con respecto á data de inicio do funcionamento, ter realizado as declaracións obrigatorias do sector vitivinícola ante o órgano correspondente da consellería competente en materia de agricultura. Sen o cumprimento deste requisito non poderán reanudar a actividade no ano correspondente.

8.5. A persoa titular do furancho deberá comunicar por escrito o cambio do período de apertura anual de funcionamento do furancho, cunha antelación mínima de quince días con respecto á data de inicio do seu funcionamento.

ARTIGO 9.— DISTINTIVOS DE APERTURA E REQUISITOS DE FUNCIONAMENTO

9.1. O furancho só poderá sinalizarse, dentro da tempada de actividade furancheira e cando conte con toma de razón de conformidade co declarado do órgano municipal competente, mediante a colocación nun lugar visible dunha póla de loureiro e, no interior do local co distintivo "Furanchos de Gondomar". Queda prohibida calquera outra sinalización indicativa do lugar, como rótulos, bandeirolas ou propaganda, o que será constitutivo dunha infracción administrativa e, de se considerar como publicidade propia dunha empresa de restauración, sancionado como intrusión profesional por infrinxir a Lei 7/2011, do 27 de outubro de turismo de Galicia, ou a normativa que nese mesmo eido se aprobe, ao igual que a realización de actividades propias das empresas de restauración reguladas no devandito texto legal. Tampouco se admite a utilización de publicidade nas mesas, cadeiras e demais mobiliario empregado para o desenvolvemento da actividade.

9.2. Quedan prohibidas as instalacións audiovisuais e/ou musicais e non se poderá instalar ningunha outra fonte sonora no interior do furancho. O desenvolvemento da actividade deberá respectar e cumprir a normativa reguladora da materia acústica vixente en cada momento, sen que se poidan superar os límites establecidos naquela nin os niveis ou valores máximos de ruído transmitido ás vivendas próximas ou ao espazo público.

9.3. O horario de apertura dos furanchos establecerase das 19:00 horas ás 24:00 horas, ampliando sábados, domingos así como festivos e vésperas de festivos dende as 12:00 horas ás 15:00 horas. este horario poderá ser ampliado media hora máis as noites que vaian de xoves a venres, de venres a sábado, de sábado a domingo, así como as noites anteriores aos festivos e a do festivo.

10. -REXISTRO MUNICIPAL DE FURANCHOS.

10.1. O servizo administrativo do departamento de urbanismo constituirá un Rexistro Municipal de furanchos de Gondomar, no que se inscribirán todos os furanchos desexen exercer a súa actividade dentro do término municipal de Gondomar.

10.2. Os datos mínimos do Rexistro Municipal de furanchos serán os establecidos no anexo VI da presente ordenanza.

10.3. Se a persoa titular dun furancho que dispoña de toma de razón de conformidade co declarado, non comunica a renovación para abrir ao público durante tres períodos anuais consecutivos, será dado de baixa do rexistro municipal de furanchos, e deberá presentar unha nova declaración responsable para reabrir.

ARTIGO 11.—CAUSA DE PECHE ANTICIPADO.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, s/n
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
DE
G O N D O M A R
(Pontevedra)

O esgotamento ou falta de colleita de viño nun ano, será causa xustificada para o peche do establecemento, sen que supoña unha baixa da actividade. Non obstante, os/as titular/es estarán obrigados a comunicar tal circunstancia ao concello de Gondomar, para a correspondente anotación rexistral do peche temporal, no prazo de quince días naturais contados con anterioridade á data prevista para o peche.

ARTIGO 12.- OBRIGAS DAS PERSOAS TITULARES DOS FURANCHOS.

Ademais das restantes obrigas recollidas no articulado desta ordenanza e no artigo 35 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, ou da normativa que nese mesmo eido se aprobe, sempre que non sexan contrarias á singularidade destes locais, as persoas titulares dos furanchos deberán observar, en particular, as seguintes:

1. Velar polo bo estado das dependencias e polo correcto mantemento das instalación e servizos do furancho e garantir un trato correcto á clientela.
2. Informar previamente con obxectividade e veracidade á clientela sobre o réxime de servizos que se ofertan no local, as prestacións e prezos dos mesmos.
3. Ter a disposición das persoas usuarias, follas de reclamacións e facer entrega dun exemplar cando lles sexa solicitado.
4. Emitir xustificantes de pagamento que detalle os servizos, de conformidade cos prezos ofertados ou pactados.
5. Os furanchos estarán obrigados a exhibir nun lugar visible, unha póla de loureiro, coa que
6. Tradicionalmente se identifican os furanchos, e dentro do local, tamén nun lugar visible, o identificativo do distintivo "Furanchos de Gondomar".
7. Os/as titular/es dos furanchos deberán ter contratado unha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra os danos corporais, materiais e os prexuízos económicos que deriven do desenvolvemento da súa actividade, consonte co establecido no artigo 6.e) desta ordenanza.
8. Facilitar, na medida das posibilidades do local e, en todo caso, nos termos previstos no ordenamento xurídico, a accesibilidade universal ao furancho.

ARTIGO 13.- DEREITOS DOS USUARIOS E USUARIAS.

As persoas usuarias dos furanchos, terán os dereitos que lles recoñece o título II da Lei 7/2011 de 27 de Outubro, de Turismo de Galicia ou normativa vixente na materia, sempre que sexan aplicables coas peculiaridades dos furanchos, fundamentalmente, os seguintes:

- a) Dereito de información.
- b) Dereito á calidade dos bens e servizos adquiridos.
- c) Dereito á seguridade.
- d) Dereito á tranquilidade e intimidade.
- e) Dereito á formular queixas e reclamacións.
- f) Dereito de non discriminación.

ARTIGO 14.- TRANSMISIÓN.

O/a novo/a titular deberá comunicar a transmisión do furancho ao concello, que lles dará traslado ás consellerías ou órganos competentes en materia de turismo, medio rural, facenda e sanidade, para o que achegará a seguinte documentación:

- a) Comunicación previa de cambio de titularidade segundo o modelo oficial que consta no anexo II.
- b) Fotocopia cotexada da documentación acreditativa da dita transmisión ou, de ser o caso, da acreditación da dispoñibilidade do inmovible polo/a novo/a titular.
- c) Póliza de seguro de responsabilidade civil, nos termos establecidos na presente ordenanza, a nome do/a novo/a titular.
- d) Documento acreditativo do pagamento das taxas correspondentes.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, s/n
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

ARTIGO 15.- NOTIFICACIÓN DE CAMBIOS, COMUNICACIÓN DE PECHE DO ESTABLECEMENTO E RENOVACIÓN ANUAL DO DISTINTIVO.

15. 1. As persoas titulares dos furanchos están obrigadas a comunicarlle ao concello, mediante o modelo oficial que consta no anexo V, calquera cambio que afecte o seu funcionamento, xuntando a documentación xustificativa do cambio pretendido, así como o cesamento definitivo da súa actividade, no prazo de 10 días hábiles contados con anterioridade á data prevista para o peche. Pola súa banda, o concello notificará tales cambios ás consellerías ou órganos competentes en materia de turismo, medio rural, facenda e sanidade.

15. 2. Poderase decretar a baixa de oficio cando a Administración municipal teña constancia do cesamento da actividade por non se producir a apertura durante os períodos autorizados sen causa xustificada, ou cando o establecemento deixe de cumprir, de maneira grave e inxustificada, algún dos requisitos e condicións exixidos para o exercicio da súa actividade.

15.3. Unha vez notificada a primeira toma de razón municipal de conformidade do declarado, esta conformidade deberá ser actualizada anualmente a través da renovación do distintivo "Furanchos de Gondomar". Para isto, as persoas titulares dos furanchos deberán formular comunicación de renovación do distintivo, debendo cumprimentar e presentar a estes efectos no rexistro xeral do concello ou en calquera dos rexistros indicados nesta ordenanza, cun mes de antelación ao inicio da actividade, o correspondente modelo normalizado que se inclúe anexo III da presente ordenanza, xunto coa documentación acreditativa de ter achegado as declaracións obrigatorias do sector vitivinícola e restante documentación reflectida no modelo normalizado, así coma, no seu caso, a documentación xustificativa da nova normativa de aplicación aos furanchos que entre en vigor con posterioridade á declaración inicial e sexa esixible no intre das renovacións.

ARTIGO 16.- CONTROL, VIXILANCIA E INSPECCIÓN POLO CONCELLO.

16.1. Unha vez comunicado o inicio de actividade dun furancho (e sen prexuízo das competencias propias da inspección turística autonómica) ben sexa mediante a presentación da preceptiva declaración responsable ou da comunicación de renovación o Concello de Gondomar, logo da tramitación do procedemento para resolver a conformidade ou non do declarado, a través dos servizos técnicos de inspección urbanística e da policía local, as actividades de comprobación, control e inspección que sexan necesarias para verificar o debido cumprimento polos/as titulares, das determinacións desta ordenanza e demais normativa aplicable aos furanchos, así como do declarado ou comunicado respecto á actividade, períodos e horarios de apertura.

16.2. Todo incumprimento da normativa vixente nesta materia determinará, con carácter xeral, a imposibilidade de continuar co exercizo da actividade afectada dende o intre en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

16.3. Mediante resolución administrativa disporase, sen máis trámite, o cesamento inmediato da actividade e a clausura do establecemento, e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao exercicio do dereito ou actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período determinado.

16.4. A/s persoa/s titular/es do furancho terá/n a obriga de colaborar coas labores de vixilancia e inspección dos servizos técnicos municipais e da policía local, achegando a documentación requirida e permitindo o acceso ao local do local para a comprobación necesaria. A obstrución á inspección ou a negativa a facilitar a información requirida pola inspección ou polos axentes de policía local terá a consideración de infracción grave á Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, tipificada no seu artigo 110.7.

ARTIGO 17.- INFRACCIÓN E SANCIÓN S.

O incumprimento ordenanza dará lugar á aplicación da normativa sancionadora vixente no ámbito das competencias sectoriais propias das administracións afectadas, de conformidade coas infraccións e sancións tipificadas na Lei de turismo de Galicia.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, s/n
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

ARTIGO 18.- INTRUSIÓN PROFESIONAL

A realización ou a publicidade, por parte dos furanchos, da actividade propia das empresas de restauración reguladas na Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, en contravención dos requisitos que lles son exixibles para o seu inicio, terán a consideración de intrusión profesional e sancionaranse administrativamente consonte o previsto na Lei de turismo.

ARTIGO 19.- SUXEITOS RESPONSABLES

19.1. Serán responsables administrativamente das infraccións cometidas nas materias relacionadas co funcionamento dos furanchos as persoas que figuren como titulares destes.

19.2. No caso de que sexan varias as persoas titulares, responderán de forma solidaria das infraccións cometidas e das sancións que se impoñan ao respecto.

ARTIGO 20.—CONCORRENCIA DE SANCIÓN E VINCULACIÓN COA ORDE XURISDICCIONAL PENAL.

Non se poderán sancionar simultáneamente uns mesmos feitos constitutivos de infraccións penais e administrativas, nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.

Se da investigación dos feitos constitutivos das infraccións tipificadas nesta ordenanza se obteñen indicios de que estes poden constituír delicto ou falta, suspenderase o procedemento e daráselle conta ao Ministerio fiscal, sen prexuízo da adopción das medidas provisionais oportunas.

ARTIGO 21.—INFRACCIÓN LEVES.

Considéranse infraccións administrativas de carácter leve as previstas no artigo 109 da Lei de turismo de Galicia e, en particular, as seguintes:

- a) A modificación do período de apertura sen presentar unha nova solicitude ao Concello.
- b) A falta de comunicación ao Concello de Gondomar nos supostos de transmisión e cambio de titularidade do furancho.
- c) A falta de comunicación ao Concello de Gondomar de calquera cambio que afecte ao funcionamento do furancho, así como o cesamento da súa actividade, e a motivación dos ditos feitos.
- d) Non mostrar o distintivo oficial na entrada do furancho.
- e) Calquera incumprimento da normativa que non resulte cualificable como grave ou moi grave.

ARTIGO 22.—INFRACCIÓN GRAVES.

Considéranse infraccións administrativas de carácter grave as previstas no artigo 110 da Lei de turismo de Galicia e, en particular, as seguintes:

- a) A venda de produtos alimenticios que non sexan os especificados na presente ordenanza ou xunto coa declaración responsable presentada polo responsable.
- b) O exercicio da actividade fóra da tempada autorizada para cadanseu furancho do xeito previsto na presente ordenanza.
- c) O incumprimento dos requisitos exixidos no artigo 5 apartados f) ou g) da presente ordenanza, caso de que dito incumprimento non sexa reiterado e non afecte gravemente á saúde pública.
- d) Non facilitar anualmente a declaración obrigatoria á que se refire o artigo 5 c) da presente ordenanza ou non ter regularizada a viña no Rexistro Vitícola de Galicia do xeito previsto no mesmo artigo.
- e) A subministración de viño embotellado.
- f) A non presentación da declaración responsable previa ao da documentación esixida no artigo 5 da presente ordenanza.
- g) A venda de viño non orixinario do excedente do consumo propio procedente exclusivamente das súas viñas.
- h) A comisión de tres faltas leves durante nunha mesma tempada de funcionamento.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, s/n
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

ARTIGO 23.—INFRACCIÓNS MOI GRAVES.

Considéranse infraccións administrativas de carácter moi grave as previstas no artigo 111 da Lei de turismo de Galicia e, en particular, as seguintes:

- a) incumprimento dos requisitos exisidos no artigo 5 apartados f) ou g) da presente ordenanza, reiterado ou que entrañe especial gravidade para a saúde pública.
- b) Desenvolver a actividade nunha zona non expresamente declarada apta polo Concello para a mesma.

ARTIGO 24.—PRESCRICIÓNS DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

O réxime de prescrición de infraccións será o seguinte:

- As faltas leves prescribirán ao pasar un ano.
- As faltas graves prescribirán ao pasar dous anos.
- As faltas moi graves prescribirán aos tres anos.

As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos, e as leves, ao pasar un ano.

ARTIGO 25.—RÉXIME DE SANCIÓNS.

Para a gradación das sancións, estarase ao previsto no artigo 116 da Lei turismo Galicia, isto é:

- a. infraccións leves: Multas de 300 a 600 €
- b. infraccións graves: Multas de 601 a 3.000 €
- c. infraccións moi graves: Multas de 3.001 a 10.000 €

ARTIGO 26.—COMUNICACIÓNS.

O Concello de Gondomar comunicará, no exercizo das súas labores de inspección, ás autoridades autonómicas nas materias competentes, os incumprimentos detectados na actividade dos furanchos.

Do mesmo xeito, no suposto de que o Concello de Gondomar teña constancia da prestación nos furanchos de servizos de restauración sen estar clasificados nalgún dos grupos de empresas de restauración que recolle o artigo 77 da Lei 7/2011, de turismo de Galicia ou normativa vixente na materia, o porá en coñecemento de xeito inmediato, do órgano competente en materia de turismo.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA. PROCEDEMENTOS EN TRAMITACIÓN.

Os/as suxeitos promotores dos expedientes de solicitudes de licenzas ou autorizacións para furanchos, que á entrada en vigor da presente ordenanza se atopen en tramitación neste Concello, poderán acollerse aos procedementos regulados na presente ordenanza, achegando para iso a documentación esixida na mesma, previa desistencia da solicitude anteriormente presentada, e co fin de axustarse así á presente normativa.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA. FURANCHOS REXISTRADOS.

Os establecementos que en aplicación da normativa anterior se atopen rexistrados como furancho ou loureiro no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas, contarán cun prazo de tres meses para a súa adaptación a esta ordenanza, mediante a presentación da declaración responsable e demais documentación que se regula no artigo 6, previo cumprimento dos requisitos que para a actividade figuran nesta ordenanza.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA. MODELOS NORMALIZADOS.

O contido dos modelos dos anexos que se incorporan a esta ordenanza, non teñen carácter regulamentario e o seu contido poderá ser adaptado, modificado ou ampliado por Resolución da Alcaldía.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, s/n
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, sempre que tivese transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Gondomar a 10 de xaneiro de 2014
O alcalde-presidente

Fernando Guitián Guitián

ANEXO I: DECLARACIÓN RESPONSABLE

Declaro baixo a miña responsabilidade que é certo canto suscribo e que achego toda a documentación que relaciono, consorte o esixido polo Decreto 215/2012, do 31 de outubro, e da ordenanza municipal reguladora dos furanchos de Gondomar. Ademáis, declaro baixo a miña responsabilidade que cumpro os requisitos normativamente esixidos e que mantereirei todas as medidas correctoras precisas para o axeitado exercizo da actividade durante a súa apertura, asumindo e cumprindo canta normativa sexa ditada e aplicada neste tempo, en relación á presente materia de furanchos.

INTERESADO/A

NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO:	CP:
TELÉFONO:	EMAIL:

REPRESENTANTE

NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO:	CP:
TELÉFONO:	EMAIL:

INFORMACIÓN DO FURANCHO

NOME DO FURANCHO:	LUGAR:
PERIODO DE APERTURA:	
TAPAS A SERVIR (escoller cun X cinco tapas máximo)	
- táboa de embutidos-queixos.	- Ovos fritos.
- sardiñas ou xurelos á grella.	- Pementos, variedade Padrón
- Callos con garavanzos ou feixóns.	- Orella-chourizo.
- tortilla de patacas.	- Zorza-raxo
- empanada-empanadillas.	- Costela.
- Croquetas.	

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

- Fotocopia do NIF do interesado/a e, no seu caso, do representante.
- Copia de certificación descritiva e gráfica ou referencia catastral e plano de situación
- Fotocopia compulsada ou cotexada do título ou contrato que acredite a dispoñibilidade do establecemento por parte do/a solicitante para a súa utilización como furancho.
- Documentación acreditativa de ter declaradas as viñas no Rexistro Vitícola de Galicia, da consellería competente en materia de agricultura.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, s/n
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

- Documentación acreditativa de ter realizado as declaracións obrigatorias do sector vitivinícola á consellería competente en materia de agricultura, salvo as excepcións previstas de conformidade coa normativa vitícola vixente.
- Documento que acredite a subscripción dunha póliza de seguro de responsabilidade civil, que cubra os danos corporais, materiais e os prexuízos económicos que deriven do desenvolvemento da súa actividade, así como o correspondente recibo de pagamento da prima que acredite a súa vixencia. Esta póliza de seguro de responsabilidade civil deberá ter o seguinte contido:
 - o Deberá cubrir os danos corporais, materiais e os prexuízos económicos que se deriven do desenvolvemento da súa actividade, que cubra a contía mínima de 90.000 euros.
 - o No suposto de que a póliza inclúa franquías, o límite máximo destas non poderá superar os 120 euros.
 - o Os titulares dos establecementos están obrigados a manter en permanente vixencia dita póliza.
- Documento acreditativo do pagamento da taxa municipal correspondente.
- Sinalamento da elección do período de apertura nos termos establecidos na presente ordenanza (máximo tres meses)
- Proxecto técnico asinado por facultativo/a competente con pronunciamento expreso sobre o cumprimento da normativa técnica vixente en prevención e protección contra incendios, a sanitaria fronte ao tabaquismo, con fotografías actuais da vivenda, local ou parcela onde se pretende a actividade de furancho.
- Certificado asinado por técnico competente de seguridade e solidez do local ou recinto e das súas instalacións para o uso pretendido, e de ser preceptivo o visado colexial, debidamente visado.
Documentación acreditativa da legalidade da edificación onde se pretenda dita actividade, para o que achegará alternativamente: licenza de primeira ocupación, declaración de caducidade da acción de reposición da legalidade urbanística, declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total para incorporación ao patrimonio, ou no suposto de carecer da documentación anterior, certificación catastral descritiva e gráfica ou documento acreditativo da antigüidade da edificación xunto con declaración responsable de que non se teñen realizado obras nos seis últimos anos (anexo IV) e fotografías actuais da edificación.
- Análise do viño posto á venda
- Memoria descritiva da cantidade de viño posto á venda, número de barrís utilizados para almacenar o viño e capacidade destes.
- No caso de representante, asínese esta declaración polo/a interesado e polo representante.

Autorízase ao concello de Gondomar, a efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, á comprobación telemática con outras administracións públicas, dos datos declarados e demais circunstancias relativas á presente declaración.

Gondomar, de de 201
o/A interesado/a,

O/A representante

(sinatura)

(sinatura)

ANEXO II: COMUNICACIÓN DO CAMBIO DE TITULARIDADE DA DECLARACIÓN RESPONSABLE.

DATOS DO EXPEDIENTE
NÚMERO DE EXPEDIENTE
DATA DA TOMA DE RAZÓN DE CONFORMIDADE



Pza. Dr. Latino Salgueiro, s/n
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

ANTERIOR INTERESADO/A

ACTUAL INTERESADO/A	
NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO:	CP:
TELÉFONO:	EMAIL:
REPRESENTANTE	
NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO:	CP:
TELÉFONO:	EMAIL:
INFORMACIÓN DO FURANCHO	
NOME DO FURANCHO:	LUGAR:
PERIODO DE APERTURA:	
DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR	

- Fotocopia do NIF do interesado/a e, no seu caso, do representante.
- fotocopia simple da toma de razón de conformidade da declaración responsable que se transmite
- fotocopia cotexada do novo/a titular e do seu representante, no seu caso
- xustificante ingreso de taxa
- Fotocopia compulsada ou cotexada do título ou contrato que acredite a dispoñibilidade do establecemento por parte do/a solicitante para a súa utilización como furancho.
- Documentación acreditativa de ter declaradas as viñas no Rexistro Vitícola de Galicia, da consellería competente en materia de agricultura.
- Documentación acreditativa de ter realizado as declaracións obrigatorias do sector vitivinícola á consellería competente en materia de agricultura, salvo as excepcións previstas de conformidade coa normativa vitícola vixente.
- Documento que acredite a subscripción dunha póliza de seguro de responsabilidade civil, que cubra os danos corporais, materiais e os prexuízos económicos que deriven do desenvolvemento da súa actividade, así como o correspondente recibo de pagamento da prima que acredite a súa vixencia. Esta póliza de seguro de responsabilidade civil deberá ter o seguinte contido:
 - o Deberá cubrir os danos corporais, materiais e os prexuízos económicos que se deriven do desenvolvemento da súa actividade, que cubra a contía mínima de 90.000 euros.
 - o No suposto de que a póliza inclúa franquías, o límite máximo destas non poderá superar os 120 euros.
 - o Os titulares dos establecementos están obrigados a manter en permanente vixencia dita póliza.
- Análise do viño posto á venda
- Memoria descritiva da cantidade de viño posto á venda, número de barrís utilizados para almacenar o viño e capacidade destes.
- No caso de representante, asínese esta comunicación polo/a interesado e polo representante.
- Asinar a presente comunicación polo/a antigo/a titular.

Declaro baixo a miña responsabilidade que é certo canto suscribo e que achego toda a documentación que relaciono, consorte o esixido polo Decreto 215/2012, do 31 de outubro, e da ordenanza municipal reguladora dos furanchos de Gondomar. Ademáis, declaro baixo a miña responsabilidade que cumpro os requisitos normativamente esixidos e que mantereirei todas as medidas correctoras precisas para o axeitado exercizo da actividade durante a súa apertura, asumindo e cumprindo canta normativa sexa ditada e aplicada neste tempo, en relación á presente materia de furanchos.



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, s/n
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

Autorízase ao Concello de Gondomar, a efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, á comprobación telemática con outras administracións públicas, dos datos declarados e demais circunstancias relativas á presente declaración.

Gondomar, de de 201
O/A interesado/a, O/A representante O/A antigo titular,
(sinatura) (sinatura) (sinatura)

ANEXO III: COMUNICACIÓN DA RENOVACIÓN DO DISTINTIVO “FURANCHOS DE GONDOMAR”

INTERESADO/A	
NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO:	CP:
TELÉFONO:	EMAIL:
REPRESENTANTE	
NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO:	CP:
TELÉFONO:	EMAIL:
INFORMACIÓN DO FURANCHO	
NOME DO FURANCHO:	LUGAR:
PERIODO DE APERTURA:	
DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR	

- Documentación acreditativa de ter declaradas as viñas no Rexistro Vitícola de Galicia, da consellería competente en materia de agricultura.
- Documentación acreditativa de ter realizado as declaracións obrigatorias do sector vitivinícola á consellería competente en materia de agricultura, salvo as excepcións previstas de conformidade coa normativa vitícola vixente.
- Copia cotexada do recibo de pagamento da prima de seguro de responsabilidade civil, que cubra os danos corporais, materiais e os prexuízos económicos que deriven do desenvolvemento da súa actividade, así como o correspondente recibo de pagamento da prima que acredite a súa vixencia (seguro segundoordenanza)
- Análise do viño posto á venda
- Memoria descritiva da cantidade de viño posto á venda, número de barrís utilizados para almacenar o viño e capacidade destes.
- No caso de representante, asínese esta comunicación polo/a interesado e polo representante.

Declaro baixo a miña responsabilidade que é certo canto suscribo e que achego toda a documentación que relaciono, consorte o esixido polo Decreto 215/2012, do 31 de outubro, e da ordenanza municipal reguladora dos furanchos de Gondomar. Ademais, declaro baixo a miña responsabilidade que cumpro os requisitos normativamente esixidos e que mantereirei todas as medidas correctoras precisas para o axeitado exercizo da actividade durante a súa apertura, asumindo e cumprindo canta normativa sexa ditada e aplicada neste tempo, en relación á presente materia de furanchos.

Autorízase ao concello de Gondomar, a efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, á comprobación telemática con outras administracións públicas, dos datos declarados e demais circunstancias relativas á presente declaración.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, s/n
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Gondomar, _____ de _____ de 201_____
O/A interesado/a, _____ O/A representante

ANEXO IV: DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON TER REALIZADO OBRAS DURANTE OS SEIS ÚLTIMOS ANOS.

INTERESADO/A

NOME E APELIDOS: _____ DNI: _____
ENDEREZO: _____ CP: _____
TELÉFONO: _____ EMAIL: _____

REPRESENTANTE (cubrir só no caso de actuar por medio de representante)

NOME E APELIDOS: _____ DNI: _____
ENDEREZO: _____ CP: _____
TELÉFONO: _____ EMAIL: _____

Declaro que durante os últimos seis anos, non se realizaron ningún tipo de obras na edificación indicada no anexo I e na documentación presentada para a actividade de furancho.

Gondomar, _____ de _____ de 201_____
O/A interesado/a, _____ O/A representante

(sinatura)

(sinatura)

ANEXO V: COMUNICACIÓN DE CAMBIOS NA ACTIVIDADE DE FURANCHO

DATOS DO EXPEDIENTE

NÚMERO DE EXPEDIENTE

INTERESADO/A

NOME E APELIDOS: _____ DNI: _____
ENDEREZO: _____ CP: _____
TELÉFONO: _____ EMAIL: _____

REPRESENTANTE (cubrir só no caso de actuar por medio de representante)

NOME E APELIDOS: _____ DNI: _____
ENDEREZO: _____ CP: _____
TELÉFONO: _____ EMAIL: _____

COMUNICACIÓN

COMUNICA AO CONCELLO DE GONDOMAR (marcar cun X):

- Peche anticipado do furancho a partir do día ____/____/____
- A baixa definitiva do furancho a partir do día ____/____/____
- A nova de nominación do furancho _____
- Outros cambios _____

Gondomar, _____ de _____ de 201_____
O/a interesado/a,



CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, s/n
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

(sinatura)

ANEXO VI: DATOS DO REXISTRO MUNICIPAL DE FURANCHOS E LOUREIROS DE GONDOMAR

- Nome do titular do furancho:
- DNI do titular do furancho:
- Denominación/nome do furancho:
- Enderezo:
- Confirmación de ter regularizada a totalidade do seu viñado no Rexistro Vitícola de Galicia, de conformidade coa normativa vitícola vixente.
- Confirmación de ter contratada una póliza de seguro de responsabilidade civil.
- Confirmación de ter realizado a declaración responsable coa totalidade da documentación esixida.
- Confirmación de que o establecemento cumpre os requisitos mínimos esixidos
- Período de apertura do furancho

ANEXO VII: DISTINTIVO DOS FURANCHOS DE GONDOMAR

